

Documento de resposta ás propostas do PP, PSOE e BNG ao anteproxecto de orzamentos de Compostela Aberta

O goberno municipal de Compostela Aberta presentou a principios de xaneiro unha propostas de orzamentos abertos ao diálogo cos grupos municipais con representación no Concello de Santiago de Compostela. Durante estes dous meses desenvolvemos un proceso de diálogo que tiña por obxecto construír unha proposta orzamentaria que conte co máis amplo aval de todos os grupos.

Despois de sete reunións co PSOE, de cinco co BNG e catro co PP presentamos este documento no que damos resposta ás achegas dos tres grupos da oposición municipal. Partimos de que é a Compostela Aberta a quen corresponde deseñar o corpo central da proxecto de orzamentos para 2016, posto que é a organización política que está a exercer a responsabilidade de goberno actualmente.

Ademais moitas das propostas programáticas dos dous grupos cos que encontramos maior afinidade ideolóxica, PSOE e BNG, están xa recollidas na nosa propostas de orzamentos. Unha característica que foi recoñecida por ambos grupos e que ademais vese completada pola aceptación de varias emendas tanto de socialistas como de nacionalistas. A pesar de menor coincidencia tamén co Partido Popular conseguimos ter puntos de encontro e asumir propostas que entendemos son positivas para a cidade.

En total foron 25 as propostas asumidas e incorporadas no proxecto orzamentario, a maior parte das mesmas do PSOE e outras 8 na que manifestamos compromisos durante o mandato ou de modificación de crédito de ser necesario. Incorporamos ademais dúas propostas do PP e nove do BNG.

A seguir enumeramos estas propostas e colocamos a resposta de Compostela Aberta:

ACEPTADAS

1. Proposta de redución das subvencións nominativas aumentando as de réxime de concorrencia durante o mandato (BNG-PP)

ACEPTADA

Esta é unha das liñas que Compostela Aberta leva no seu programa electoral e que ten vontade de desenvolver durante o mandato. Sen traumas, coa suficiente pedagogía e sen crear conflitos innecesarios co tecido asociativo. Nas Bases de execución do orzamento de 2016 figuran un total de 67 subvencións nominativas, por un importe de 1.077.473,00 €. A maior parte das mesmas corresponde con subvencións xa contempladas de xeito reiterado nos orzamentos de mandatos anteriores, coa mesma ou aproximada contía.

Desde o grupo de Goberno comprometémonos a reducir o número das subvencións con carácter nominativo, fomentando e potenciando as convocatorias en réxime de concorrencia competitiva, e restrinxindo as primeiras para aqueles casos nos que existen razóns extraordinarias e acreditadas de interese público, tal e como marca a lei. Por ese motivo, marcamos como obxectivo deste Goberno a elaboración dun Plan para a redución do número de subvencións nominativas *nun 30* ao longo do mandato.

Este horizonte temporal vén fixado pola necesidade de estudar pormenorizadamente cada caso, xa que algunhas destas subvencións si responden a razóns de interese público, mentres que outras corresponden con obrigas municipais e achegas económicas debidas á participación en padroados e órganos xestores, entre outras motivacións xustificadas.

Por outra banda, é preciso facilitar ás entidades que ata o de agora foron beneficiarias deste tipo de subvencións o tránsito cara ás convocatorias en réxime de concorrència competitiva, e mesmo estudar se estas convocatorias contemplan os fins sociais e as actividades que neste momento son financiadas pola vía do convenio. Se ben o noso compromiso coa súa redución é firme, entendemos que unha eliminación brusca e inmediata das nominativas, sen un certo período de adaptación, pode supor un duro golpe ao tecido asociativo compostelán e ao labor social que cumpren as entidades.

2. Equipamentos para instalacións deportivas (PSOE, PP)

ACEPTADA

Proposta aceptada parcialmente nunha contía de 138.000 €. O goberno comprométese a que no caso de existir un remanente positivo da liquidación do 2015 -todo indica que isto será así- destinalo en parte a instalacións deportivas.

3. Obradoiros de Emprego para a recuperación de espazos públicos e rehabilitación. (PSOE)

ACEPTADA (Xa está no orzamento)

Na proposta de orzamentos de Compostela Aberta aumentamos as propostas en materia de obradoiros de emprego. Recollemos a proposta de 170.000 € do PSOE con varias propostas vinculadas á recuperación de espazos públicos e rehabilitación. En concreto as seguintes:

- Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil I, que se adicará ao Acondicionamento de sendas peonís de Galeras a Ponte Albar (Rota dos Ríos) e Brañas do Sar” por importe de **145.253,59 €**
- Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil II, que se adicará ao acondicionamento de Rota de Ríos, por importe de **219.958,51 €**
- Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil III, Acondicionamento Centro BTT da Susana. Apertura de Rutas BTT.

Nesta Anualidade 2016 executaranse accións por importe de 219.958 €.

4. Actuacións no viario municipal en materia de mellora da seguridade viaria de motoristas. (PSOE)

ACEPTADA

Antes de poder facer calquera actuación necesitamos un inventario do número e lonxitude dos elementos de seguridade, nomeadamente os quitamedos. Sen ese dato non hai forma de consignar unha cantidade para este fin é por iso propomos consignar 6.000 € para efectuar un estudo e as primeiras medidas, sempre consultando coas asociacións de moteiros da cidade. Este estudo irá contra a partida de outros gastos diversos de tráfico, se realizará o estudo.

5. Arranxo Calefacción CSC de Santa Marta. (PSOE)

ACEPTADA

Actualmente, este problema está en vías de solución, a través dunha actuación de arranxo que está pendente da autorización dos servizos económicos do Concello.

O Centro Sociocultural de Santa Marta vén sufrindo problemas de diversa índole desde a súa inauguración, que desde o Goberno local consideramos precipitada. Moitos destes problemas son inaceptables nun servizo público, e nunha obra recente: non funcionamento do ascensor, carencia de mantementos obrigatorios, problemas de calefacción e humidades...

Estes últimos foron xa obxecto de varias intervencións, e segundo os informes técnicos, a mencionada no primeiro parágrafo servirá para poñer unha solución, confiamos, definitiva.

Desde os servizos municipais se están a estudar posibles accións legais contra a empresa responsable -á que non se lle devolveu a fianza polas carencias detectadas-, entre elas a repercusión do custe dos arranxos xa realizados.

6. Subvencións para o parque residencial. (PSOE)

ACEPTADA

No orzamento do 2016, proposta de 300.000 euros, en transferencias de capital.

050	33600	78001	7	PROTECC PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO. TRANSF. DE CAPITAL A FAMILIAS E I.S.F.L.	300.000 €
-----	-------	-------	---	---	-----------

Nesta aplicación orzamentaria está recollida unha proposta de dotar complementariamente a instalación de ascensores, que actualmente se financia a través dos ARIs, do ministerio. Ademais tamén está recollido a previsión doutras axudas a rehabilitación de vivenda. Nestes momentos o departamento técnico está a traballar nunha ordenanza para regular estas axudas a rehabilitacións en función da renda. Desde esta partida recolleemos a proposta de 150.000 € do PSOE.

7. Bolsa de axuda para Aluger de Vivendas e Gastos de Habitabilidade. (PSOE)

ACEPTADA

Dentro da partida de 1.500.000 contemplaremos esta proposta do PSOE, consignando 140.000 € para este fin, que se incluirá dentro da ordenanza que substitúa á actual Santiago SUMA.

8. Programa Municipal de Saúde Buco-Dental. (PSOE)

ACEPTADA

Dentro da ordenanza que substitúa a actual Santiago Suma, chegarase a un convenio co colexio de odontoloxía, para prestar este servizo, similar o que se está a realizar na deputación. Neste marco aceptamos incluír a proposta de 70.000 € para este programa municipal de saúde buco-dental.

9. Sinalética Rural. (PSOE)**ACEPTADA**

Faremos un plan para renovar a sinalética de todo o rural durante todo o mandato municipal, neste ano 2016 chegaríamos aos 40.000 € para alcanzar os 120.000 € en tres anos.

10. Recuperación dos camiños de Santiago e os seus elementos patrimoniais. (PSOE)**ACEPTADA**

O mantemento e recuperación dos camiños de Santiago é competencia da Xunta de Galicia. Para os elementos patrimoniais temos previsto ampliar o contrato de mantemento a todo o termo municipal, xa que actualmente está restrinxido á cidade histórica, polo tanto asumimos no novo orzamento a recuperación e mantemento de todos os elementos patrimoniais do Concello e non só os que se sitúan na contorna dos camiños de Santiago.

11. Plan de mantemento de parques infantís e biosaudables. (PSOE)**ACEPTADA**

Está unha partida recollida nos orzamentos. Auditaranse todos os parques da cidade para certificar que se axustan á normativa europea e paralelamente realizaranse as reparacións e substitucións de equipamento que se precisen. A maiores hai outra partida orzamentaria para a creación dun novo parque infantil na rúa Ofelia Nieto e a remodelación dos parques de Pontepedriña e Galeras

060	17100	2100	PARQUES E XARDINS. REPARAC. MANTEN. E CONSERVAC. INFRAESTR.	75.000 €
-----	-------	------	---	----------

12. Plan de humanización e rexeneración de espazos urbanos: Fontiñas - Concheiros - Estila - Rodas (PSOE)**ACEPTADA**

Os proxectos de humanización destas rúas foron recollidos na EDUSI que se desenvolverá nos anos 2017-2018 por unha contía de 200.000 €. Para 2017 o goberno avaliará a necesidade de incrementar a partida ata os 500.000 € que solicita o PSOE na súa proposta.

13. Carreira Profesional. (PSOE)**ACEPTADA**

O anteproxecto de orzamentos do goberno de Compostela Aberta xa incluía esta partida. Na próxima mesa de negociación acordarase o calendario para implantalo.

030	92000	16209	ADMINISTRACIÓN XERAL. PLAN DE FUNCIÓN PÚBLICA	236.280 €
-----	-------	-------	---	-----------

14. Oferta de Empleo 2010. (PSOE)

ACEPTADA

A oferta de emprego do 2010 está caducada, segundo informes dos servizos técnicos, de forma que tería impedimentos legais ofertala, derivada da complicada situación en contratación e convocatorias de oferta pública (Lei Montoro) que lamentablemente viven as administracións locais.

Incorporamos na oferta de emprego do 2016 a promoción interna que había na oferta de emprego do 2010, así como na taxa de reposición recolleemos prazas que tamén estaban incluídas na oferta de emprego de dito ano, e que continúan a ser unha necesidade do Concello de Santiago. Entre elas: 1 arquitecto, 1 psicóloga, 1 educadora familiar.

15. Plan de Modernización da Administración. (PSOE)

ACEPTADA

O anteproxecto de orzamentos do goberno xa incluía dúas partidas neste sentido. Compartimos a necesidade de investir na modernización da Administración e por iso para 2016 están previstas accións de implantación de Plataforma de Administración Electrónica, Firma electrónica, etc.

010	92001	641	6	INFORMÁTICA. GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	134.330 €
030	93100	64100	6	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	49.090 €

Dúas partidas vinculadas á modernización vinculada ao departamento de servizos económicos.

16. Creación da senda verde sobre antigos trazados ferroviarios. (PSOE)

ACEPTADA

Estamos a analizar a posible subvención do Ministerio ou da Deputación para estas dúas cousas, a través do programa Camiños Verdes do Ministerio de Agricultura. De momento non está fecho o tema, así que non o podemos incluír no orzamento. No caso de que se feche o proxecto, realizaríamos unha xeración de crédito.

17. Petición incremento Empleo e Servizos Sociais (BNG)

ACEPTADA

Incrementamos 170.000 euros en materia de emprego para un programa de cursos de formación, e obradoiros de emprego.

18. Creación dunha "Bolsa Escolar". (BNG)**ACEPTADA**

Esta proposta figuraba xa entre os programas de actividade que o Goberno implementará ao longo de 2016. Terá cobertura orzamentaria a través da ordenanza que substituirá á actual Santiago Suma, que conta cun importe global de 1,5 M€, tal e como reflicte a seguinte aplicación orzamentaria

020	2	23100	48001	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS	1.500.000,00
-----	---	-------	-------	--	--------------

Dese importe global, no ano 2016 adicaranse 100.000 euros a bolsa escolar para adquisición de material e actividades para a conciliación.

19. Plan de Choque de Mantemento de Viais/Anegamentos Puntos Conflitivos. (BNG)**ACEPTADA** (Plan para todo o mandato municipal, do que consignaríamos 50.000 € no ano 2016)

O Goberno local solicitou no pasado outono un informe conxunto a Viaqua, Policía Local e Bombeiros, sobre os puntos de asolagamento recorrentes. O custe preciso para dar resposta a estas necesidades está cuantificado en 250.000€ aproximadamente. Esta estimación precisaría do correspondente axuste, que se fará no momento de redactar os proxectos concretos. Entre eles, o necesario para solucionar os problemas existentes na Avenida de Lugo, que conta con dúas opcións diferentes. A escollida polo Goberno ten un importe estimado de 30.000€.

Estas actuacións, segundo o criterio dos departamentos técnicos, son obras de mantemento, que se deben incluír dentro do contrato de mantemento de vías públicas do Concello. Estas actuacións serían abordadas a través dun Plan cuatrianual, cunha consignación orzamentaria de 40.000-55.000€ por exercicio. A periodización deste investimento, e a non execución nun único exercicio, vén motivada pola redución dos ingresos a causa das ordenanzas fiscais actualmente en vigor.

20. Plan Cuadrienal de Mantemento e Mellora dos Centros de Ensino. (BNG)**ACEPTADA**

Na aplicación orzamentaria

3	32300	21200	CEIPS. REPARAC. MANTEN. EDIFICIOS E O.CONSTRUC	400.000
---	-------	-------	--	---------

No proxecto de orzamentos presentado polo Goberno figura xa unha partida para a reparación e mantemento de edificios e construcións dos CEIPs, con importe de 400.000 € e que ten entre outros obxectos a reparación de cubertas, a renovación de carpinterías, ou o mantemento de parques infantís escolares, demandas expresadas polas ANPAS nas reunións mantidas co responsable do Departamento de Educación.

No momento actual, atópase en vigor un contrato asinado coa empresa Espina e Delfín -que xa se viña ocupando destas tarefas-, e polo tanto non se poden introducir modificacións ata a expiración do mesmo (horizonte temporal: 2017), cando se podería estudar un incremento na contía.

Por outra banda, entre as liñas de actuacións do Goberno municipal atópase a posta en marcha dun Plan de renovación de parques infantís situados en centros educativos.

21. Partidas Cultura. Manter contía. (BNG)

ACEPTADA

O orzamento de Cultura mantense na mesma cuantía que no orzamento de 2015 dentro dun contexto de baixada na maioría das partidas. Existe unha diferenza de 37.367 € que ven dada porque o orzamento do 2015 incorporaba unha obra no Auditorio de 80.000 €, que finalmente non se executou xa que era un dos investimentos que ía a cargo de venta de terreos que non tivo lugar. Para este 2016, desde o goberno municipal, chegamos a un acordo co Consorcio de Santiago para que as obras do Auditorio sexan realizadas por eles, incorporando no orzamento do Consorcio para 2016 unha partida de máis de 400.000 € para remodelacións no Auditorio. A maiores, incrementamos un pouco outras partidas de acción cultural, con esa diferenza.

22. Potenciación do departamento de Lingua (BNG)

ACEPTADA

Incrementamos a partida de actividades de normalización linguística desde a proposta inicial de 50.000 € ata un total de 70.000 €.

23. Formación Persoal Municipal. (BNG)

ACEPTADA

Incrementamos a partida de formación do persoal municipal a 80.000 euros.

24. Senda Peonil ao Pedroso (BNG)

ACEPTADA (en negociacións coa deputación)

Esta actuación -que vén sendo unha demanda dos veciños desde hai varios lustros- foi solicitada polo Goberno municipal á Deputación da Coruña no pasado mes de setembro, por medio da recuperación do proxecto redactado no seu día polo ente provincial, e da súa inclusión no Plan de Sendas Peonís do ente supramunicipal, que asumiría a execución e o custe deste investimento.

A Deputación esixe, en contrapartida, a posta á súa disposición dos terreos, pois non se fai cargo nin dos importes nin dos trámites de expropiación. O proceso expropiatorio dilataría anos a execución da senda, polo cal se está a explorar a vía da cesión dos terreos por parte dos propietarios afectados.

En calquera caso, os técnicos municipais entenden que, pola antigüidade do proxecto redactado, é preciso proceder a unha actualización tanto da relación nominal de propietarios afectados, como da extensión dos terreos afectados, e obviamente, do valor catastral dos mesmos. Por este último motivo, non existe na actualidade unha estimación económica válida que permita determinar a contía a consignar orzamentariamente no caso de optar pola vía expropiatoria.

25. Senda Peoni/Milladoiro. (BNG)

ACEPTADA (Proposta, en negociación co Ministerio.)

Non teño datos nin proxecto. Quizais haxa algunha posibilidade a través do Ministerio de medio ambiente e o seu programa “Camiños Verdes”. Versión B: farémolo con persoal propio de urbanismo polo que o custo do proxecto é mínimo. O desenvolvemento tentaremos facelo a través de Ministerio de medio ambiente e o seu programa “Camiños Verdes”

ACEPTADA PARCIALMENTE

1. EDAR do Souto. (PP-BNG-PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

Ningún organismo (Xunta ou Estado) orzamentou nada para a EDAR, dende o Concello non temos constancia de que se vaia facer algo este ano. Agora mesmo, significaría retraer orzamento de algún outro proxecto que si se pode realizar en breve sen crédito. No caso de que logremos avanzar no proxecto, e presionar a outras administracións para que o doten economicamente, dende o Concello comprometémonos a propor un modificativo de crédito no pleno municipal para consignar unha partida. Esta alternativa foi ademais trasladada aos grupos da oposición.

2. Proposta para aumentar a partida orzamentaria para a Intermodal (PP)

ACEPTADA PARCIALMENTE

O importe consignado nos orzamentos, 165.000 €, corresponde co valor catastral dos terreos a expropiar, segundo a información dos proxectos achegados polo ADIF e Xunta de Galicia. Non parece preciso, polo tanto, incluír unha partida superior sen unha xustificación que fundamente esta necesidade, e menos cando detraería fondos doutros programas de actuación. En todo caso, se fose necesario ampliar esta partida comprometémonos a a propor un modificativo de crédito ao pleno para adaptar a partida.

3. Plan de dinamización e comercio de proximidade. (PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

O PSOE propón un plan cuantificado en 120.000 € que practicamente son todos recollidos na propostas de orzamento do goberno con unha partida de 95.000 € con diferentes seguintes liñas de acción: Plan de mellora da competitividade, premios do comercio, estrea estilo, revitalización dos eixos comerciais, desafío comercial, revitalización da praza do Ensanche, dinamización comercial no Nadal entre outras actividades de promoción e dinamización comercial.

O obxectivo é incentivar a realización de actuacións de promoción e dinamización comercial cuxo ámbito de actuación ou repercusión sexa o municipio de Santiago de Compostela, tales como: accións de fidelización para a clientela, sinalética comercial, campañas promocionais, implantación ou mantemento de servizos de apoio e asesoramento ao comercio minorista, e accións encamiñadas á mellora da competitividade comercial. 50.000 €.

4. Plan de rexeneración de viais degradados. (PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

O PSOE propón 2.000.000 € e no anteproxecto do goberno orzaméntanse 1.100.000 € para o mantemento de viais en todo o municipio. Coa baixada de ingresos deste ano o Concello non pode aumentar esta partida, aínda que se sitúa entre as nosas prioridades para orzamentos futuros. Ademais, diferentes programas como o POS e PAS da Deputación, están orientados neste mesmo sentido, fundamentalmente nas zonas rurais.

5. Plan de Compensación ao Comercio e a hostelería de Conxo. (PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

Non habilitamos una partida específica para o comercio e hostalería do barrio de Conxo mais si que nos comprometemos a que dentro dos programas da Concellaría de desenvolvemento económico teñan unha especial sensibilidade co barrio. Desde o resto de departamentos existira tamén este trato especial para favorecer a recuperación do barrio, exemplos disto son a habilitación dun novo estacionamento público ou as accións que xa se están a desenvolver como a guía do comercio ou as actividades que actualmente se desenvolven. Comprometémonos tamén a dinamizar o barrio a través da activación dos equipamentos municipais alí localizados como é a Casa da Asociacións de Cornes ou a través da descentralización da programación cultural.

6. Parque Urbano das Hortas. (PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

Neste orzamento de 2016 consignamos 10.000 € para as obras de adecuación do parque urbano das Hortas. Non se considera necesario un incremento do orzamento porque entendemos que a elaboración de proxecto pode ser realizado por técnicos municipais.

7. Plan de Mellora e ampliación das redes de abastecemento e saneamento das parroquias do rural. (PSOE)

ACEPTADA PARCIALMENTE

Este ano como se sabe se adica por primeira vez o POS e o PAS ao rural. Os investimentos foron establecidos polas prioridades das asociacións de veciños. Para temas de abastecemento e saneamento adicáronse 50.000 euros, en ENFESTA. O resto de parroquias decidiron que tiñan outras prioridades máis urxentes, como pavimentación, beirarrúas, etc.

Pretendemos manter esta liña de actuación nos futuros POS e PAS e teremos en conta estas achegas do PSOE, sobre todo en Aríns e Bornais, coincidentes coas peticións de veciños.

8. Arranxo das Casas das Máquinas. (BNG)

ACEPTADA PARCIALMENTE

Todo parece indicar que o ano 2015 terá un remanente positivo, que segundo a normativa vixente, pódese adicar a: amortización de débeda anticipada, pago de facturas pendentes na 413 e investimentos financeiramente sustentábeis.

A casa das Máquinas é un investimento financeiramente sustentable, cun proxecto dunha I fase de 350.000 euros. O goberno municipal xa ten contactado con Fenosa para que prepare a zona para a actuación no edificio. No caso de que na liquidación do 2015 exista un remanente comprometémonos a que este proxecto sexa un dos prioritarios no uso dos remanentes.

NON ACEPTADA

1. Subvención de 120 euros para o pago no imposto do IBI. (PSOE)

NON ACEPTADA

Tal e como recollen dúas sentencias do Tribunal Supremo de 2012 e 2014, no actual ordenamento xurídico as subvencións no pago do Imposto de Bens Inmóveis son ilegais. O TS indicou, neses textos, que o instrumento para evitar subidas excesivas ou poñer límite aos incrementos anuais da cota é a redución por bonificacións potestativas, co seu conseguente réxime normativo. Os concellos non teñen competencia para incluír na xestión do IBI minoracións da cota líquida que non están contempladas nin na Lei Xeral Tributaria nin no texto refundido da Lei de Facendas Locais.

2. Programa PERSONA, centro de días nos CSC. (PSOE)

NON ACEPTADA

Esta proposta foi presentada en pleno, e rexeitada por todos os partidos políticos. Entre outras cousas, porque non é competencia municipal, se non da Xunta.

3. Banco Municipal de Alimentos. (PSOE)

NON ACEPTADA

Non compartimos esta proposta, e sorpréndenos que a realice o PSOE. Creemos que o que hai que facer é dar axudas directas as familias para que compren alimentos, facilitarlle as persoas uns ingresos mínimos (= que o di o Programa do PSOE, ingresos mínimos vitais nas súas verbas).

Se cando tivermos a conversa da tarxeta cidadá para facer compras nos comercios da cidade, o PSOE vía con preocupación o estigma ao que se podía someter as persoas, esta proposta pensamos que pode provocar idéntica situación

A nosa proposta renda básica municipal. (Ordenanza que substitúa ao Santiago Suma, 1.500.000)

4. Microcréditos a Emprededores. (PSOE)

NON ACEPTADA

Para que un programa de microcréditos sexa realmente efectivo require que sexa bastante voluminoso e cunha contía de importancia. O Concello de Santiago nunca tivo un programa propio e os que levaba a cabo era de forma participada con outros programas. Ademais, a lei de racionalización da administración local impídenos exercer novas competencias, como sería este caso

5. Avais para microcrédito de novos emprendedores. (PSOE)

NON ACEPTADA

É unha proposta relacionada coa anterior, pero de execución aínda máis complexa. A lei de estabilidade orzamentaria impide que poidamos aumentar máis o endebedamento en programas que, ademais, non son coherentes coa oferta de mercado.

6. Creación de Factoría Cultural e Viveiro de Industrias Creativas. (PSOE)

NON ACEPTADA

Esta proposta foi presentada en pleno, e rexeitada amplamente.

7. Festival internacional de música Folk. (PSOE)

NON ACEPTADA

Sobre esta proposta de Festival, non semella necesaria un evento nesta liña xa que para este ano temos o Womex, festival de músicas do mundo. A aposta é inmensa. Os festivais na área de Acción cultural apoiaranse a través de convocatoria pública. Recollemos multitude de propostas de festivais de escénicas e artes musicais, consideramos necesario abrir este espazo da programación á un procedemento aberto no que impliquemos ao sector.

8. Acondicionamento do Beldevere. (BNG)

NON ACEPTADA

Sendo necesaria, desde o goberno considéranse prioritarias outras accións para este exercicio orzamentario. En todo caso, é unha proposta a ter en conta para vindeiros orzamentos.

9. Aparcementos Públicos. (BNG)

NON ACEPTADA

Aínda considerando que é necesaria un acondicionamento de toda a parcela situada entre a rúa da Altiboia, Rodríguez de Viguri e as traseiras do conservatorio profesional de música no vai poder ser neste exercicio orzamentario. Sobre o estudo do estacionamento no Campus Vida o goberno municipal entende que este debe estar encadrado dentro de unha proposta global de reurbanización de todo o Campus e non como peza separada. A proposta de estacionamento ao redor da Casa das Asociacións en Cornes semella inviable a día de hoxe posto que o Adif non cedería os terreos.

PROPOSTAS QUE DEBEN SER RECOLLIDAS NOS ORZAMENTOS DE TUSSA E INCOLSA

1. Mellora Transporte Público as parroquias do rural. (PSOE)

Esta proposta corresponde aos orzamentos de TUSSA, que xa ten o orzamento aprobado e que xa está a traballar neste tema.

2. Implementación de novas tecnoloxías para a información e seguimento do transporte urbano. (PSOE)

Esta proposta corresponde aos orzamentos de TUSSA, que xa ten o orzamento aprobado, no que se incorporou unha proposta do PSOE presentada como moción ao pleno, para adquisición de nova maquinaria para o aparcamento de Xoán XXIII, cun prezo de 170.000 euros máis IVE.

3. Transporte público, circuito circular do casco histórico, con parada no centro de saúde de Galeras. (PSOE)

Esta proposta corresponde aos orzamentos de TUSSA, que xa ten o orzamento aprobado. Estamos a traballar nunha liña de subvencións co ministerio, máis o importe sería moito maior a este (en torno a 300.000 euros)

4. Plan de Acción de Turismo Inclusivo. (PSOE)

Esta proposta corresponde aos orzamentos de INCOLSA que xa ten o orzamento aprobado.

5. Transporte Público Gratuíto para os menores de 12 anos. (PSOE)

Esta proposta corresponde aos orzamentos de TUSSA, que xa ten o orzamento aprobado.